

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CSMAM01	Deseño e amoblamento	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0990	Xestión da produción en carpintaría e moble	2024/2025	3	107	107

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ LUIS GÓMEZ GARCÍA (Subst.)
Outro profesorado	JOSÉ LUIS GÓMEZ GARCÍA

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional é asociado á competencia xeral do ciclo formativo, polo que contén a formación necesaria para desempeñar a función de operar basicamente na xestión da produción en industrias de carpintería e moble, aplicado aos procesos de xestión do aprovisionamento, supervisión da recepción do aprovisionamento, xestión de sistemas de información, determinación de recursos, supervisión de operacións para a fabricación e aplicación de procedementos de prevención de riscos laborais.

A xestión de aprovisionamento, supervisando a recepción de material, xestionando sistemas de información e a determinación de recursos para a fabricación, supervisando operacións de fabricación asociadas á función de xestionar basicamente a produción en industrias de carpintería e moble abrangue aspectos como:

- * Aprovisionamento de materiais en industrias de carpintería e moble.
- * Supervisión de aprovisionamentos e organización do seu almacenamento.
- * Realización do seguimento da planificación e elaboración de programas de control.
- * Supervisión de operacións de fabricación e control dos plans de produción.
- * Determinación de recursos e asignación de tarefas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- * Xestión do aprovisionamento.
- * Organización da área de traballo.
- * Definición dos recursos para a fabricación.
- * Supervisión das operacións de fabricación.
- * Aplicación de procedementos de prevención de plans de riscos laborais.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais f), g), h), i), j), k), l), m), n), ñ), o), q) e r) do ciclo formativo, e as competencias f), g), i), j), k), l), m), n), ñ) e o).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- * Xestión de aprovisionamento, planificando procedementos de abastecemento.
- * Supervisión e control de aprovisionamento e existencias.
- * Xestión de sistemas de información e documentación de aprovisionamento.
- * Determinación de recursos para a fabricación e asignación de tarefas.

- * Supervisión de operacións de fabricación en carpintería e moble.
- * Prevención de riscos laborais.

Un aspecto importante a ter en conta a hora de concretar o currículo na programación didáctica para que esta se adecúe ao sistema produtivo é o da realidade empresarial con que nos atopamos na nosa comunidade, e que o concello no que este ciclo é una mostra da realidade que imos describir; por poñer un exemplo, existen empresas pequenas e medianas que carecen da entidade suficiente como para contar cunha oficina técnica propia (entendemos propia como incluída na súa plantilla de traballadores) sen por iso poder prescindir dos servizos que proporciona e existen tamén, por outro lado, empresas medianas e grandes que si contan, dentro das súas plantillas, con profesionais específicos para este tipo de ocupacións; outro exemplo importante a ter en conta é o grao de automatización dos procesos produtivos. Estas diferentes realidades obrigan a que o desenvolvemento curricular do ciclo formativo sexa o suficientemente versátil como para permitir a inserción laboral dos alumnos en calquera das realidades anteriormente mencionadas ou outras que se poidan presentar.

Podemos clasificar as empresas deste subsector de transformación da madeira nos seguintes grupos:

- Fabricación en serie de pezas de carpintería.
- Fabricación de elementos cara o canal contrac.
- Fabricación de moble para o fogar.
- Fabricación de elementos para arquitectura en madeira.
- Fabricación de mobles diversos.
- Fabricación de artigos diversos en madeira.

Aínda que é necesario resaltar que baixo o epígrafe de carpintería atópanse auténticas fábricas de mobles e viceversa.

En xeral trátase de un sector caracterizado pola súa reducida dimensión, atomización empresarial e que se trata de unidades de carácter familiar e autónomo (o 90% son fábricas artesanais que non acadan os catro traballadores); predomina a diversificación da produción fronte a especialización nun so produto, a produción a medida é a tónica dominante. Por último destacar o déficit de persoal cualificado en todas as categorías da actividade.

Con respecto as características do sector no concello de Santiago de Compostela, indicar que se trata dun Sistema Produtivo Local; case que todas as parroquias de Santiago de Compostela contan con algunha industria relacionada coa madeira (prácticamente están representadas todas as actividades ligadas ao traballo da madeira), e o subsector do moble representa máis do 50% das empresas do sector da transformación da madeira (aínda que se temos en conta

que moitas das carpinterías e artesáns teñen uns niveis de produción e especialización dentro do subsector do moble este porcentaxe incrementábase substancialmente).

O perfil profesional do título de Técnico Superior en Deseño e Amoblamento determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

En xeral, podemos concluír que o currículo concrétese ao ámbito produtivo en función dos puntos seguintes:

- 1.-O perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisión sobre o control de procesos de produción cada vez máis automatizados, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.
- 2.-A incorporación de novos materiais e tecnoloxías, nomeadamente nos procesos de mecanización e de acabamentos, así como as exixencias normativas en relación á calidade e á protección ambiental, implicarán a substitución de equipamentos convencionais por outros máis avanzados e a adaptación ou cambio dos procesos e dos sistemas produtivos.
3. A internacionalización dos mercados levará a empresa a primar os esforzos no deseño, na xestión de provedores e na loxística, empregándose a imaxe de marca como unha vantaxe competitiva, reducindo os períodos de renovación e incrementando o dinamismo do proceso industrial.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Sistemas de xestión e control do aprovisionamento.	Sistemas de codificación de produtos. Selección de provedores. Xestión de pedidos. Xestión de expedición de produto terminado. Xestión da calidade durante o proceso de aprovisionamento.	28	25
2	Xestión de recepción e aprovisionamento.	Xestión de stock. Recepción de materiais. Almacenamento. Coste total de almacenamento. Embalax e etiquetado. Xestión do transporte. Sistemas informáticos.	28	25
3	Xestión de recursos de fabricación en carpintería e moble.	Xestión de materiais en fabricación de carpintería e moble. Xestión de procesos. Equilibrado de liñas de fabricación. Planificación da produción. Control de fabricación. Prevención de riscos laborais durante o proceso de fabricación. Xestión da protección ambiental.	28	25
4	Control do proceso de fabricación en carpintería e moble.	Tempos. Métodos de medición de tempos. Mellora de métodos. Calidade no proceso de produción.	23	25

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Sistemas de xestión e control do aprovisionamento.	28

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona aprovisionamentos en industrias de carpintaría e moble, planificando procedementos de abastecemento e cubrindo a documentación de compras.	NO
RA2 - Supervisa a recepción de aprovisionamentos, organizando o seu almacenamento e controlando as súas existencias.	NO
RA3 - Xestiona sistemas de información e documentación para os aprovisionamentos en industrias de carpintaría e moble, tendo en conta a relación entre os procedementos de control e a documentación necesaria para a súa tramitación.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Defíníuse o ritmo de aprovisionamento para cada material, en función dos consumos previstos.
CA1.6 Determinouse a localización e o tamaño dos existencias.
CA1.7 Especificouse a referencia dos artigos, o prezo, a cantidade e o subministrador.
CA1.8 Déuselles prioridade ás empresas subministradoras con certificación de calidade e ambiental (ISO 9001, ISO 14001, etc.).
CA1.9 Déuselles prioridade aos produtos con certificacións e selos de calidade e ambientais (selo Aitim, marca AENOR, certificacións FSC e PEFC, etc.).
CA1.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA1.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA1.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.

Criterios de avaliación
CA1.13 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA1.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA2.7 Calculouse o punto de reposición de existencias en función do tempo de subministración e o consumo estimado.
CA2.13 Determinouse o método utilizado para a codificación do inventario.
CA2.14 Determinouse o método utilizado para o control do inventario
CA2.15 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA2.16 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA2.17 Efectuáronse as operacións cos cuidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.18 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA2.19 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades
CA3.1 Relacionouse a orixe das mercadorías coa documentación requirida.
CA3.2 Aplicouse a normativa legal e fiscal do país de orixe dos materiais.
CA3.3 Xeráronse bases de datos actualizadas de provedores e materiais mediante ferramentas informáticas.
CA3.4 Relacionouse a información do produto co provedor nas operacións de compra.
CA3.5 Procesouse a información xerada nas operacións de control de aprovisionamento mediante aplicacións informáticas de xestión de pedidos e de expedición de produtos.
CA3.6 Detectáronse posibles desviacións de inventario.
CA3.7 Déuselle prioridade á subministración interna de materiais en función das necesidades de fabricación.
CA3.8 Aplicáronse os procedementos de calidade establecidos para a xestión do almacén.

Criterios de avaliación
CA3.9 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA3.10 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA3.11 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA3.12 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA3.13 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.1.e) Contidos

Contidos
Certificacións de calidade e certificacións ambientais para empresas.
Certificacións de calidade e certificacións ambientais de produtos.
Cálculo de rutas de aprovisionamento e loxística.
Métodos de codificación: monocódigos, policódigos, códigos de barras, etc.
Documentación de pedidos: importación dos materiais; rastrexabilidade.
Selección de provedores: avaliación; bases de datos de provedores.
Codificación de materiais e produtos: ferramentas informáticas. Desviación de inventarios.
Elaboración de documentación de pedidos. Expedición de produtos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xestión de recepción e aprovisionamento.	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Supervisa a recepción de aprovisionamentos, organizando o seu almacenamento e controlando as súas existencias.	NO
RA3 - Xestiona sistemas de información e documentación para os aprovisionamentos en industrias de carpintería e moble, tendo en conta a relación entre os procedementos de control e a documentación necesaria para a súa tramitación.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Comprobase que as características, a cantidade e o estado de conservación dos produtos recibidos se correspondan co solicitado.
CA2.2 Realizáronse os ensaios de recepción necesarios aplicando criterios de calidade.
CA2.3 Relacionouse o método de almacenaxe coas características e o tamaño dos materiais.
CA2.4 Determináronse os métodos de transporte e distribución de mercadorías no almacén.
CA2.5 Aproveitouse convenientemente o espazo de almacenamento en función das características do material, das instalacións e dos percorridos previstos.
CA2.6 Localizouse o material no almacén interpretando o sistema de etiquetaxe.
CA2.8 Relacionáronse os documentos de control de existencias co procedemento establecido.
CA2.9 Identificáronse os principais danos que poden sufrir as materias primas, os compoñentes e os accesorios na súa manipulación e no seu almacenamento.
CA2.10 Identificouse a data de caducidade dos produtos perecedoiros almacenados (colas, vernices, siliconas, masillas, etc.).
CA2.11 Clasificáronse os materiais almacenados atendendo a criterios de seguridade, caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade e humidade.
CA2.12 Determináronse os criterios de valoración de existencias.
CA2.15 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA2.16 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.

Criterios de avaliación
CA2.17 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA2.18 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA2.19 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades
CA3.5 Procesouse a información xerada nas operacións de control de aprovisionamento mediante aplicacións informáticas de xestión de pedidos e de expedición de produtos.
CA3.6 Detectáronse posibles desviacións de inventario.
CA3.7 Déuselle prioridade á subministración interna de materiais en función das necesidades de fabricación.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Cálculo de rutas de aprovisionamento e loxística.</p> <p>Recepción de materiais e produtos. Ensaio de recepción.</p> <p>Almacenamento de materiais e produtos. Métodos de transporte e almacenamento. Óptimo aproveitamento dos espazos. Caducidade de produtos.</p> <p>Clasificación dos produtos no almacén en función da súa caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade e humidade.</p> <p>Control de inventarios: seguridade e caducidade.</p> <p>Criterios de valoración de existencias: métodos FIFO, LIFO, PMP, etc.</p> <p>Codificación de materiais e produtos: ferramentas informáticas. Desviación de inventarios.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de recursos de fabricación en carpintería e moble.	28

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Xestiona aprovisionamentos en industrias de carpintaría e moble, planificando procedementos de abastecemento e cubrindo a documentación de compras.	NO
RA4 - Determina recursos para a fabricación e a instalación en carpintaría e moble, e asigna tarefas en función dos medios técnicos dispoñibles.	SI
RA5 - Supervisa operacións de fabricación e instalación en carpintaría e moble, controlando plans de produción e comprobando parámetros de calidade.	SI
RA6 - Aplica procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, avaliando as situacións de risco e xestionando as medidas máis habituais que se presenten na súa actividade profesional.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Elaborouse un plan de abastecemento de acordo coas necesidades de materias primas e compoñentes.
CA1.2 Calculáronse as existencias óptimas considerando custos de emisión de pedidos, custos de almacenamento e tempos de entrega.
CA1.3 Calculáronse as existencias de seguridade en función da fiabilidade dos provedores e da estabilidade da demanda.
CA1.4 Relacionouse o modelo de control de aprovisionamento co proceso de fabricación.
CA1.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA1.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA1.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA1.13 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA1.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA4.1 Determinouse o plan de recursos e de materias primas e compoñentes necesarios, analizando o proxecto de fabricación.
CA4.2 Determinouse a localización e o tamaño dos existencias.

Criterios de avaliación
CA4.3 Determináronse os medios técnicos e os equipamentos de fabricación, así como a ruta que cumprirá seguir.
CA4.4 Xeráronse os documentos de traballo (follas de ruta, lista de materiais, fichas de traballo, control estatístico do proceso, etc.)
CA4.5 Planificáronse metodicamente as tarefas para realizar con previsión das dificultades e o modo de superalas.
CA4.6 Determinouse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
CA4.7 Distribuíronse as tarefas dependendo do perfil dos recursos humanos e dos recursos materiais dispoñibles.
CA4.8 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA4.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA4.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA4.11 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA4.12 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA5.1 Identificouse a cantidade de pezas para fabricar ou instalar, así como o prazo de execución, en función dos prazos de entrega.
CA5.2 Determinouse o tamaño dos lotes de produción.
CA5.3 Identificáronse os equipamentos, os utensilios e as instalacións dispoñibles que respondan ao procedemento establecido.
CA5.4 Analizouse a distribución en planta dos equipamentos e da maquinaria para mellorar os procesos.
CA5.5 Descríronse estratexias de supervisión e control da produción e instalación.
CA5.6 Determinouse o método de seguimento da produción e da instalación que permita mellorar o control desta, así como o tempo de reacción, en caso necesario.
CA5.7 Caracterizáronse modelos de reprogramación para períodos de especial disposición de recursos ou modificación da demanda.
CA5.8 Identificouse a ruta que debe seguir o material en proceso.

Criterios de avaliación
CA5.9 Identificouse a capacidade dos equipamentos dispoñibles.
CA5.10 Analizouse a relación entre carga e capacidade total dos recursos utilizados para eliminar colos de botella e mellorar a produción.
CA5.11 Comprobouse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
CA5.12 Aplicáronse regras de prioridade para a secuencia de diversos traballos.
CA5.13 Aplicáronse métodos de asignación de tarefas e recursos.
CA5.14 Recoñecéronse e valoráronse as técnicas de organización e xestión na realización das tarefas de control da produción.
CA5.15 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA5.16 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA5.17 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA5.18 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA5.19 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.
CA6.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a aplicación de técnicas operativas no sector.
CA6.2 Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA6.3 Verificouse a aplicación das normas de prevención e seguridade persoais e colectivas, así como de protección ambiental, na execución dos traballos específicos.
CA6.4 Propuxéronse solucións ás causas máis frecuentes de accidentes na execución dos traballos específicos.
CA6.5 Determináronse as medidas necesarias para promover ámbitos seguros na xestión da produción en industrias de carpintería e moble.
CA6.6 Organizáronse as medidas e os equipamentos de protección para diferentes áreas e situacións de traballo.
CA6.7 Formalizouse a documentación relacionada coa xestión de prevención, de seguridade e de protección ambiental.

Criterios de avaliación
CA6.8 Selecciónáronse as medidas de seguridade e de protección individual e colectiva que cumpra empregar na execución das técnicas aplicadas á xestión da produción en industrias de carpintería e moble.
CA6.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e protección ambiental requiridas no desenvolvemento das actividades.
CA6.10 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.
CA6.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.
CA6.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.
CA6.13 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.
CA6.14 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.3.e) Contidos

Contidos
Elaboración do plan de aprovisionamento.
Transporte e fluxo de materiais. Tempos de entrega.
Xestión de existencias: control de pedidos e cálculo de existencias (mínimas, máximas e óptimas).
Recursos humanos: asignación de tarefas.
Planificación dos recursos: compoñentes.
Medios técnicos.
Metodoloxía para a planificación: previsións e riscos asociados.
Identificación do produto: características.
Equipamentos, utensilios e instalacións: preparación, funcionamento e colocación.
Estratexias de seguimento e control.
Regras de secuencia de traballos.

Contidos
Métodos para asignación de tarefas.
Plan de prevención: contido e aplicación ao sector.
Fontes de contaminación na xestión da produción en carpintería e moble.
Identificación dos riscos asociados á prevención de riscos laborais na xestión da produción en carpintería e moble.
Determinación das medidas de prevención de riscos laborais en máquinas, equipamentos, instalacións e produtos.
Prevención de riscos laborais en xestión da produción en carpintería e moble.
Prevención e protección colectiva.
Equipamentos de protección individual.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Control do proceso de fabricación en carpintería e moble.	23

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina recursos para a fabricación e a instalación en carpintería e moble, e asigna tarefas en función dos medios técnicos dispoñibles.	NO
RA5 - Supervisa operacións de fabricación e instalación en carpintería e moble, controlando plans de produción e comprobando parámetros de calidade.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.6 Determinouse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
CA5.5 Descríbense estratexias de supervisión e control da produción e instalación.
CA5.6 Determinouse o método de seguimento da produción e da instalación que permita mellorar o control desta, así como o tempo de reacción, en caso necesario.

Criterios de avaliación

CA5.11 Comprobase a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.

CA5.14 Recoñecéronse e valoráronse as técnicas de organización e xestión na realización das tarefas de control da produción.

CA5.15 Realizáronse as tarefas en colaboración e traballando en equipo, cando así se establecera.

CA5.16 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas tarefas realizadas.

CA5.17 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas.

CA5.18 Aplicáronse as normas de presentación de documentación.

CA5.19 Amosouse unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades.

4.4.e) Contidos**Contidos**

Medios técnicos.

Métodos de seguimento: utilización. Tempos.

Calidade: procesos, protocolo e control.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos para que o alumnado alcance a avaliación positiva neste módulo son seguintes:

- Elaboración do plan de aprovisionamento.
- Transporte e fluxo de materiais. Tempos de entrega.
- Xestión de existencias: control de pedidos e cálculo de existencias (mínimas, máximas e óptimas).
- Certificacións de calidade e certificacións ambientais para empresas.
- Certificacións de calidade e certificacións ambientais de produtos.

- Cálculo de rutas de aprovisionamento e loxística.
 - Recepción de materiais e produtos. Ensaio de recepción.
 - Almacenamento de materiais e produtos. Métodos de transporte e almacenamento. Óptimo aproveitamento dos espazos. Caducidade de produtos.
 - Clasificación dos produtos no almacén en función da súa caducidade, temperatura, toxicidade, inflamabilidade e humidade.
 - Control de inventarios: seguridade e caducidade.
 - Criterios de valoración de existencias: métodos FIFO, PMP, etc.
 - Métodos de codificación: monocódigos, policódigos, códigos de barras, etc.
 - Documentación de pedidos: importación dos materiais.
 - Selección de provedores: avaliación; bases de datos de provedores.
 - Codificación de materiais e produtos: ferramentas informáticas. Desviación de inventarios.
 - Elaboración de documentación de pedidos. Expedición de produtos.
 - Recursos humanos: asignación de tarefas.
 - Planificación dos recursos: compoñentes.
 - Medios técnicos.
 - Metodoloxía para a planificación: previsións e riscos asociados.
 - Identificación do produto: características.
 - Equipamentos, utensilios e instalacións: preparación, funcionamento e colocación.
 - Estratexias de seguimento e control.
 - Regras de secuencia de traballos.
 - Métodos para asignación de tarefas.
 - Métodos de seguimento: utilización. Tempos.
 - Calidade: procesos, protocolo e control.
-
- Plan de prevención: contido e aplicación ao sector.
 - Fontes de contaminación na xestión da produción en carpintería e moble.
 - Identificación dos riscos asociados á prevención de riscos laborais na xestión da produción en carpintería e moble.
 - Determinación das medidas de prevención de riscos laborais en máquinas, equipamentos, instalacións e produtos.
 - Prevención de riscos laborais en xestión da produción en carpintería e moble.
 - Prevención e protección colectiva.
 - Equipamentos de protección individual.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**Avaliacións trimestrais:**

A cualificación mínima para superar as avaliacións trimestrais é de 5 puntos.

80% Exame:

Realizase un único exame por cada uns dos trimestres. Este exame é presencial e de obrigatoria asistencia. Para cada una das avaliacións aprobadas manterase a nota obtida.

É aconsellable realizar todos os traballos propostos (tarefas e outros) para presentarse aos exames, tanto aos trimestrais como ao final, xa que se poderían facer preguntas neles sobre as tarefas.

20% Tarefas propostas:

As tarefas realizaranse e entregaranse no prazo a fixar polo profesor na aula virtual, para posteriormente ser cualificadas. En caso de realizarse máis dunha tarefa ou suposto práctico na avaliación, a nota para este apartado obterase da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha delas.

As tarefas non poderán ser entregadas fóra de prazo. As tarefas que non se presenten en tempo e forma cualificaranse cun cero.

A nota de cada trimestre será igual á parte enteira, sen decimais, obtida da suma das notas do exame e da/s tarefa/s proposta/s unha vez aplicadas as porcentaxes correspondentes.

Avaliación final:

A cualificación mínima para superar a avaliación final é de 5 puntos (para obter esta nota é necesario ter superadas todas as avaliacións trimestrais cunha cualificación mínima de 5 puntos).

A nota final do módulo obterase a partir da media aritmética das notas das avaliacións trimestrais tendo en conta a parte decimal (ata dous decimais) obtida en cada unha delas.

Para a nota final coa parte enteira igual ou superior a 5 puntos e con decimais por debaixo de 50 (por exemplo 5.15 ou 7.40) asignarase unha nota final con redondeo á parte enteira inmediatamente inferior.

Para a nota final coa parte enteira igual ou superior a 5 puntos e con decimais iguais ou superiores a 50 (por exemplo 5.75 ou 6.90) asignarase unha nota final con redondeo á parte enteira inmediatamente superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non supere algunha avaliación trimestral deberá recuperala no exame final de Xuño.

Ao remate do curso terá lugar unha proba final á que cada alumno irá coa parte da materia que teña suspensa, entendéndose que aquel alumnado que teña superados todos os parciais non precisará presentarse a este exame (non se fai media coas partes non superadas, senón que se teñen que aprobar todas por separado, acadando unha cualificación mínima de 5 puntos en cada unha delas).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na ensinanza a distancia a asistencia non é obrigatoria, e polo tanto non existe perda de dereito á avaliación continua. Existirá un exame final, tal e como se describiu no apartado 6a) desta programación, ao que o alumnado poderá presentarse na súa totalidade ou ben con aquelas partes que non superase nas avaliacións parciais.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos o profesorado que imparte clase non grupo de Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento, celebrará, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema en liña dá páxina web www.edu.xunta.es/programacions, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade**8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Ao inicio do curso farase unha avaliación inicial conxunta (na que tomará parte todo o profesorado que imparte a modalidade de distancia) que servirá para coñecer a tipoloxía do alumnado, os seus coñecementos de partida, a relación que teñen co mundo do moble;

Esta proba non contará como nota, pero sí que valerá para establecer estatísticas e detectar posible alumnado con deficiencias e carencias.

Ademais acompañarase coa información tanto académica como persoal do alumnado, que se poida acadar co titor do ciclo así como co equipo de orientación do centro.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceranse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos, resumos, esquemas ou fichas que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor.

Para o alumnado con necesidades educativas especiais, que necesitan unha adaptación curricular significativa, aprobada pola inspección, de acordo co departamento de orientación do centro, seguirase o especificado en dita adaptación curricular, si se dá este caso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia.

Fomentárase o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos.

Educación para a saúde.

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz.

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor.

Intentaremos fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista.

Identifícaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental.

Reflexionárase sobre problemas medioambientais, relacionados cos usos de materiais e produtos contaminantes e contemplando posibles solucións.

Educación vial.

Fomentáranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse visitas técnicas a empresas, feiras e charlas no centro, relacionadas co sector da madeira. Neste curso escolar realizarase, de ser posible, unha visita técnica a unha empresa, dependendo das que estea funcionando no segundo trimestre, xa que por motivos da crise, é difícil especificar o nome da mesma ao inicio do curso.